

ACORDO ENTRE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A CESIÓN TEMPORAL DUN ESPAZO PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN

En Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2016

REUNIDAS

Dunha parte, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.-Turismo de Santiago de Compostela (para o que segue, **INCOLSA**), medio propio do Concello de Santiago de Compostela, con CIF e con domicilio na , desta cidade, representada por dona , na súa condición de Directora-Xerente en funcións, e de acordo coas facultades que lle confiren os artigos 26 e 27 dos vixentes estatutos de empresa.

E da outra, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, (en diante a **FUNDACIÓN**) con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en , e provisto do CIF . Entidade representada neste acordo por dona , na súa condición de Directora-Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 8 de outubro de 2010.

MANIFESTAN

I.- A Cidade da Cultura de Galicia acolle desde o pasado 11 de marzo unha mostra, denominada “Con-fío en Galicia” que busca consolidar a ‘marca Galicia’ coa posta en valor das achegas dos/-as grandes deseñadores galegos e os logros empresariais acadados por un sector estratéxico, constituído por 500 empresas, que da emprego a 13.000 persoas e que representan o 11% da riqueza da Comunidade.

II.- INCOLSA, como medio propio do Concello de Santiago de Compostela encargado da promoción e difusión da imaxe turística da cidade, ten un especial interese en promover todo tipo de actividades que faciliten o coñecemento da cidade e aumenten as pernoctas no destino. Sendo isto así, e recoñecendo o grande valor da exposición “Con-fío en Galicia”, considera acaído colaborar coa FUNDACIÓN na súa difusión.

III.- As partes consideran que a localización da oficina de turismo de INCOLSA, na rúa do Vilar da cidade é un emprazamento idóneo para dar a coñecer a devandita exposición aos visitantes á cidade, especialmente no período da Semana Santa que vai dende o xoves santo, 24 de marzo, e finaliza o domingo de pascua, día 27 do mesmo mes.

IV.- En virtude do anterior, as partes manifestan o seu interese en que INCOLSA ceda á FUNDACIÓN un espazo dentro da Oficina de Turismo de Santiago ao efecto de que a FUNDACIÓN poda, cos seus propios medios

humanos e materiais, realizar a promoción da exposición “Con-fío en Galicia” durante a Semana Santa. Polo tanto

ACORDAN

Primeiro.- INCOLSA cede de forma gratuíta á FUNDACIÓN o uso dun espazo diferenciado localizado na Oficina de Turismo de Santiago de Compostela para que poda facer uso del, cos seus propios medios materiais e humanos, co obxecto de darlle difusión á exposición “Con-fío en Galicia”.

Segundo.- O período polo que se cede é dende o xoves 24 de marzo de 2016 ata o domingo 27 de marzo de 2016, ambos inclusive. O horario no que a FUNDACIÓN poderá facer uso das instalacións cedidas é aquel no que as mesmas se atopan abertas ao público, isto é, de 9:00 a 19:00 horas de forma ininterrompida.

Terceiro.- Os custos de electricidade e demais servizos propios do inmovible dos que faga uso a FUNDACIÓN serán por conta de INCOLSA.

Cuarto.- A FUNDACIÓN será a única responsable das obrigas legais relativas ao persoal ao seu servizo ou que contrate para realizar os seus traballos de difusión nas instalacións cedidas. Polo tanto, e antes do inicio do período de cesión, a FUNDACIÓN deberá remitir a INCOLSA a documentación que se esixe no Anexo I ao presente acordo. A non remisión da devandita documentación en tempo deixará sen efecto o presente acordo.

Quinto.- A FUNDACIÓN garante que o persoal ao seu servizo que faga uso do espazo cedido nas instalacións de INCOLSA respectará as normas de funcionamento das instalacións.

Sexto.- A FUNDACIÓN será responsable directa polos danos ou prexuízos que se deparen, tanto para as instalacións, como para INCOLSA, como consecuencia das actividades que realice o persoal ao servizo da FUNDACIÓN como resultado deste acordo.

En proba de conformidade do aquí acordado, asinan as partes por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola FUNDACIÓN

Por INCOLSA

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

En virtude do disposto na cláusula cuarta do acordo entre Información e Comunicación Local, S.A. e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a cesión temporal dun espazo para realizar actividades de promoción, o servizo de difusión nas instalacións cedidas por INCOLSA, é contratado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia á empresa .

Se achega a seguinte documentación;

- Xustificante do modelo de organización da prevención de riscos laborais da empresa .
- Certificados de aptitude física do persoal ao servizo de que accederá a traballar nas instalacións cedidas de INCOLSA.
- Certificado de formación en materia de prevención de riscos laborais dos traballadores de .
- Certificados de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2) da empresa .
- Copia do contrato laboral formalizado entre e a persoa que prestará o servizo de difusión obxecto do acordo.